

Documentos de Centro

Protocolo de perda do dereito á avaliación continua (v.2 actualización 23-09-22)

Índice

1. Referencia ao marco legal vixente 3
2. Proposta de protocolo de actuación 4

1. Referencia ao marco legal vixente

DECRETO 163/2015 do 29 de outubro, DOG do 16 de novembro de 2015

ART. 6 Contido do plan de estudos conducente á obtención do título superior de Música

4. Cada un dos cursos das ensinanzas artísticas superiores de Música terá 60 créditos ECTS, cunha equivalencia de 30 horas por crédito, e a súa duración será de 38 semanas, incluíndo os períodos lectivos e os dedicados a outras actividades presenciais.

5. O cuadrimestre e o curso serán as unidades temporais de organización académica e abranguerán os períodos de impartición de docencia presencial e os períodos dedicados á realización de probas de avaliación.

CIRCULAR 10/2014:

ART. 9 Avaliación

9.1 Dado o carácter esencialmente práctico dos contidos que se imparten nestas ensinanzas, a avaliación continua constitúe a ferramenta básica no proceso de avaliación. Consecuentemente, e para unha correcta aplicación deste principio, a asistencia regular do alumnado ás actividades lectivas constitúe condición indispensable do proceso de avaliación. Para este fin, e segundo o establecido na programación docente de cada disciplina, a aplicación das ferramentas de avaliación deberá ter un carácter regular e permanente, de xeito que quede garantido o principio de avaliación continua.

9.2 A Comisión de Coordinación Pedagóxica de cada centro propondrá aos órganos colexiados do centro para a súa aprobación, un protocolo no que se establezan:

9.2.1 As condicións nas cales un alumno ou alumna pode incorrer na perda do dereito á avaliación continua por absentismo insuficientemente xustificado.

9.2.2 O procedemento para a comunicación ao alumno ou alumna afectado/a así como para a resolución.

9.2.3 Os procedementos de avaliación alternativos no caso de perda do dereito á avaliación continua, que serán establecidos polos departamentos e aprobados polos órganos do centro con competencias pedagóxicas.

2. Proposta de protocolo de actuación:

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none">▪ Introducir con regularidade as faltas de asistencia do alumnado no programa CODEX PRO	Profesor da Materia correspondente	Ao longo do cuadrimestre
<ul style="list-style-type: none">▪ Comunicación das ausencias inxustificadas por correo electrónico ao interesado/a (con copia á xefatura de estudos) instando a presentar a xustificación documental pertinente no Rexistro do Centro.	Profesor da Materia correspondente	Dende o inicio do cuadrimestre ata unha semana antes do comezo do periodo ordinario de exames
<ul style="list-style-type: none">▪ Presentación da xustificación documental no Rexistro do Centro por parte do alumnado	Alumnado	Dous días hábiles logo da data da comunicación .
<ul style="list-style-type: none">▪ Valoración da xustificación achegada aceptando ou rexeitando a xustificación documental presentada polo alumno/a e resolución comunicando:▪ A) xustificación das faltas e arquivo do procedemento▪ B) perda do dereito á avaliación continua indicando o apartado da Guía Docente correspondente referido ao proceso de Avaliación Alternativa que será de aplicación	Xefe de Estudos e Director	Unha semana logo de presentada a documentación xustificativa